


ITINERANTA

FESTIVAL DE ESPECTÁCULOS DE RÚA ITINERANTES
XIII EDICIÓN · PONTEVEDRA



17, 18 E 19 XULLO 2024

ESPECTÁCULOS



*MÉRCORES 17 DE XULLO:

"The Yetis"- Campi Qui Pugui (Lleida)

"LudiNAUTES"- Produccions Scura (Vila Real)"

"Elipsión"- El Carromato (Cádiz)

*XOVES 18 DE XULLO:

"Custodios"- Asaco Producciones (Navalmoral De La Mata)

"Rats"- Campi Qui Pugui (Lleida)

"Acid"- Sound de Secà (Cervera)

"Hexagonum"*- Troula (Vigo)

*VENRES 19 DE XULLO:

"Rag & Bone"- Xip Xap (Lleida)

"Andante"- Markeliñe (Amorebieta)

"Aukera"- Bambolea (Madrid)

"Nit Mágica"* - Xarxa Teatre (Vila Real)

As rutas veñen indicadas nas últimas páxinas.

* **Espectáculo Pirotécnico**

CAMPI QUI PUGUI (LLEIDA): "THE YETIS"

Ruta C - 20:00 h



O cambio climático ameaza con destruír o mundo e estes pequenos « Yetis » foxen do desxeo para avisarnos de que algo está pasando. Esta divertida familia busca un novo fogar, acompañados dun sherpa que os guía entre toda a distracción que atopan na cidade. Unha familia bestial e adorable que espera ser benvida e que busca un lugar para vivir, mentres observan con entusiasmo a cidade...



PRODUCCIONS SCURA (VILA REAL):

"LUDINAUTES"


Ruta D - 21:00 h



Ao planeta Ayrón chegou a nova de que un virus chamado Tbnor-2 se estendeu por todo o planeta azul e provocou que os nenos e as nenas apenas saían ás rúas e que esquecesen como xogar entre eles.

Un grupo de anti-virusianos, chamados Ludinautes, viaxa ata a Terra para eliminar do sistema nervioso social o maligno Virus do Esquecemento e evitar así que a Terra sexa totalmente invadida polas máquinas.

A misión da cuadrilla Ludinauta e de todas as nenas e nenos, será atopar os diferentes virus que están nas rúas e eliminalos. Para iso deberán seguir as instrucións chegadas desde Ayrón.



EL CARROMATO (CÁDIZ): "ELIPSIÓN"

****ESTREA****
Ruta A - 22:15 h



Esculturas futuristas, formadas por ELIPSES (círculos e espirais que resultan do cruzamento e conexión entre eixos de simetría). Estas esculturas son seres estraños que proveñen doutras dimensións nun estado neutro, que cobran vida coa incorporación dun ION perdido; átomo que porta unha carga eléctrica, en movemento, xirando libre, durante un tempo determinado.

Así é a vida, así é ... ¡ELIPSIÓN!.

Un espectáculo de rúa itinerante con diversos efectos de luces dinámicos e sincronizados coa música nos corpos das marionetas formadas por elipses, e acompañadas por espirais de neón.

ASACO PRODUCCIONES (NAVALMORAL DE LA MATA) :

"CUSTODIOS"

Ruta D - 20:00 h



Chegou a túa cidade O chatareeeeeeeeeiro Celestial !!,
Mediante unha convocatoria itinerante interactiva, e despois, cun show de 45 minutos, os Irmáns Saquetti poñen a proba ao público, cun espectáculo inspirado nos «vendedores de rúa» e no clásico «Que belo é vivir».
Mostrarán as virtudes destes anxos paiaos da garda e celebrarán unha poxa ofertorio para outorgar a algún dos presentes un custodio en prácticas. Pantomima, música e moita risa para público universal.
«Acaba co odio, merca un custodio»



CAMPI QUI PUGUI (LLEIDA): "RATS"

Ruta C - 20:45 h



Atención, as ratas invadiron a cidade!

Aparecen de todas partes: das árbores, das casas, contedores... e atópanse en plena rúa á luz do día. Xa non se agochan e son xigantes. Tomaron a cidade e non hai veneno que poida con elas. Só hai unha persoa no mundo que pode acabar con esta divertida praga: un frautista que chega dun país moi distante. Non vos deixedes levar polo pánico, parecen unhas ratas moi divertidas. Rats! é un espectáculo de teatro de rúa itinerante, para todas as idades, baseado no conto tradicional 'O frautista de Hamelin'.

Unha versión xigante e falcatrueira da historia, na que as ratas fan das súas con todo o que se lles pon por diante, seguindo os pasos do frautista que as guía dende as alturas.



SOUND DE SECÀ (SERVERA): "ACID"

Ruta C - 21:30 h



Uns personaxes anárquicos irrompen na rúa cunha festa ambulante. Propagan unha enerxía falcatrueira e descarada e relaciónanse constantemente co público a través da percusión, o teatro, o movemento e a voz. Todo o mundo acaba formando parte deste serán, nunha atmosfera de luz, cor e extravagancia visual. Unha viaxe polo funky e o hip hop, unha mistura de ritmos de produción propia, cunha sonoridade fresca, impactante e eléctrica.



TROULA (VIGO): "HEXAGONUM"

**** ESTREA ****
Ruta A2 - 22:30 h



Nacemento, creación, vida, pureza... versus morte, involución, caos, consumismo, cambio climático..., toda esta problemática da evolución do mundo moderno representada a través dunha abella mestra e a súa colmea para pór en valor a vida en comunidade e mostrar os abusos dos seres humanos na terra. Todo isto a través dunha posta en escea sorprendente: música en directo, marionetas xigantes, proxección audiovisual, pirotecnia, lume...



XIP XAP (LLEIDA): "RAG & BONE"

Ruta D - 20:00 h



¡Trapeiro! Este é o berro que nos trae os recordos daqueles personaxes que pasaban polas nosas rúas recollendo, trapos, botellas e cartóns. Agochade as criaturas que este... quizais é en realidade, o home do saco!

Espectáculo itinerante onde os títeres, os actores ou o público pode acabar sendo o principal protagonista. Acompáñanos?



MARKELIÑE (AMOREBIETA): "ANDANTE"

Ruta B - 20:45 h



Sobre o tráfondo de estrondos das mesmas guerras de sempre, tres personaxes recollen do chan os zapatos perdidos, abandonados e xa deshabitados. Amontónanos no seu carro ata enchelo. E mediante un estraño pacto con eles, propóñenlles saír do carro para iniciar unha viaxe, un último paseo no que terán a oportunidade de contar algo das súas vidas e, quizais, sinalar aos seus verdugos.

Pero os zapatos contan as historias ao seu xeito. Foron feitos para andar, non para recordar. Por iso, os seus recordos apuntan só insinuacións, pequenas historias entrecortadas...

E esa incapacidade de poder narrar todos os detalles, transforma a súa forma de contar en poesía a rentes do chan. O espectador debería completar a imaxe co que sabe ou o que non quere saber.

É a súa elección.



BAMBOLEA (MADRID): "AUKERA"

Ruta A3 - 21:30 h



Reciclaxe, reutilización e fantasía reunidos nun espectáculo visual coa auga como elemento principal.

Personaxes vestidos con latas, libros e outros elementos reciclados, pasean o seu Paraugas Máxico e reparten sorrisos e pompas de xabón para confirmar que "outro mundo é posible".



XARXA TEATRE (VILA REAL): "NIT MÀGICA"

Ruta A - 22:30 h



Un dos espectáculos de teatro de rúa máis representados por todo o mundo. Nit Màgica de Xarxa Teatre é un espectáculo inmersivo, creado en 1986 a partir de elementos tradicionais valencianos. Pirotecnia, estruturas recuperadas de antano, toros de lume, tracas, música en directo e demos transportan ao espectador a unha catarse, a un ritual no que todos participan: a festa do lume. Un espectáculo que se vive cos cinco sentidos e que pasou a ser un dos máis participativos do teatro de rúa actual.

Se queres ter unha inmersión neste espectáculo, recoméndase traer roupa "vella" para poder choutar e bailar entre chispas e faíscas.





HORARIOS E RUTAS:

***MÉRCORES 17 DE XULLO:**

- Ruta C - 20:00 h - "The Yetis" - Campi Qui Pugui**
- Ruta D - 21:00 h - "LudiNAUTES" - Produccions Scura**
- Ruta A - 22:15 h - "Elipsión" - El Carromato**


***XOVES 18 DE XULLO:**

- Ruta D - 20:00 h - "Custodios" - Asaco Producciones**
- Ruta C - 20:45 h - "Rats" - Campi Qui Pugui**
- Ruta C - 21:30 h - "Acid" - Sound de Secà**
- Ruta A2 - 22:30 h - "Hexagonum" - Troula**

***VENRES 19 DE XULLO:**

- Ruta D - 20:00 h - "Rag & Bone" - Xip Xap**
- Ruta B - 20:45 h - "Andante" - Markeliñe**
- Ruta A3 - 21:30 h - "Aukera" - Bambolea**
- Ruta A - 22:30 h - "Nit Mágica" - Xarxa Teatre**

RUTA A RUTA A2 RUTA A3



RUTA B



PEREGRINA



FERRERÍA



PRAZA CARLOS ENRÍQUEZ



CASINO



ROTA C

TEATRO



TEUO



PRAÇA DAS CINCO RUAS



MÉNDEZ NÚÑEZ



PRAÇA DA VERDE



RUTA D

AVDA SANTA MARÍA



CASINO



PRAZA CURROS ENRIQUEZ



ITINERANTA

FESTIVAL DE ESPECTÁCULOS DE RÚA ITINERANTE
XIII EDICIÓN · PONTEVEDRA

PRODUCCIONS SCURA (Vila Real)

EL CARROMATO (Cádiz)

ASACO PRODUCCIONES (Navalmoral de la Mata)

CAMPI QUI PUGUI (Lleida)

SOUND DE SECÀ (Cervera)

TROULA (Vigo)

XIP XAP (Lleida)

MARKELIÑE (Amorebieta)

BAMBOLEA (Madrid)

XARXA TEATRE (Vila Real)

WWW.ITINERANTA.COM

· Coordina ·



· Promove ·



Concello
de Pontevedra

